# O río da **vida**

*Pero eu resucitarei, que soio volven os que recordan, compañeiros.*

16

**Nos derradeiros anos da súa vida, Cunqueiro foi obxecto de abondosas homenaxes públicas como recoñecemento á súa prodixiosa imaxinación e ao seu compromiso con Galicia. A pesar da ilusión que lle fixeron estas homenaxes, da que gardou mellor lembranza foi da que tivo lugar en Lugo en 1961, cando a súa posición na esfera pública era precaria e necesitaba apoio.**

**Tras unha longa e dolorosa doenza, Cunqueiro falece o 28 de febreiro de 1981, pouco despois do susto da tentativa de golpe de estado do 23-F. Os seus restos son trasladados a Mondoñedo o 1 de marzo, día de san Rosendo, patrón da vila.**



En xaneiro de 1980, Álvaro Cunqueiro, Camilo José Cela e o lingüista alemán Joseph M. Piel recibiron o título de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela



Durante a "Homenaxe de Galicia" que tivo lugar en Vigo un ano antes da súa morte, Ramón Piñeiro fíxolle entrega do primeiro volume das *Obras completas* en galego



Unha escultura de Cunqueiro de Juan Puchades contempla xa por sempre a catedral de Mondoñedo e dende a súa atalaia espera as mil primaveras que han facer renacer Galicia



Entrega do Pedrón de Ouro en 1980

Álvaro Cunqueiro é un dos escritores galegos máis traducidos





No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

**Aquela que pousa o fuso e maila roca**

Volveuse cara a min e dixo: Teu é o tempo,
estrea días, tesouros busca, voa! A nave
miña vaite agardar.
E fun polo mundo adiante. ¿Quen quere rosas,
ouro, pan trigo, mocidade, raiolas de sol?
    A nave estaba agardando na ribeira,
    de seguro. E a vella pousara na area
    o fuso e maila roca.
Tras o verán e o estío, o outono chegou.
A carón da nave voaban follas secas. A vella
díxome: Xa se me cansaban as mans de non fiar.
Eu dera todo agás unha rosa que soubera
meter en min, no peito de meu, no corazón.
Quixen mercar máis tempo. ¿Isto é a vida?,
dixen amosando a derradeira rosa.
    Na soidade do mundo, só
    un vaso ficaba: a caveira da vella tecedora,
    que, agora aprendín, tecía cinza.
Díxenme adeus a min mesmo, e na nave
entrei. *Requiem aeterna!*... Chameilles irmáns
ás areas e ás cunchas baldeiras e rotas do areal
¿Isto é a vida? Isto é un ano, un século, unha idade.

*Herba aquí ou acolá*, 1991